

As fórmulas rutineiras españolas á luz da etoloxía humana¹

Spanish routine formulae in view of Human Ethology

Maria Eugênia Olímpio de Oliveira Silva²

Universidad de Alcalá

Resumo: Este texto recolle unha proposta de aplicación da Etoloxía Humana ao estudo das fórmulas rutineiras. De forma concreta, pártese dun concepto específico, o de *gramática universal do comportamento social humano* (Eibl-Eibesfeldt 1979a, 1979b, 1993) e búscase relacionar as diferentes nocións teóricas que apoian este concepto con algunhas das cuestións que fundamentan as reflexións sobre as fórmulas. Deste xeito, considéranse algúns tipos de fórmulas rutineiras, como, por exemplo, as fórmulas de consentimento ou as de agradecemento, a partir da súa posible relación con determinadas estratexias de interacción ou cos mecanismos de ritualización estudados pola Etoloxía Humana. Deféndese a idea de que os estudos etolóxicos propician diferentes vías de reflexión que poden ser útiles para a investigación fraseolóxica.

Palabras clave: Etoloxía Humana, Etolingüística, Fraseoloxía, fórmula rutineira, ritualización.

Abstract: In this paper This paper proposes an application of Human Ethology to the study of routine formulae. Concretely, the study starts from a specific concept: the Universal Grammar of the Human Social Behavior (Eibl-Eibesfeldt 1979a, 1979b, 1993), and relates the different theoretical notions that support this concept with some of the points underlying the reflections on the formulae. Therefore, some types of routine formulae, such as approval and gratitude formulae, are taken into account, considering the possible connection with some interaction strategies or the ritualization mechanism studied in Human Ethology. This work defends the idea that ethological studies offer different paths that may prove useful for phraseological research, especially in unravelling the innate and cultural bases ruling the construction and use of formulae.

Keywords: *Human Ethology, Etholinguistics, Phraseology, routine formula, ritualization.*

Data de recepción: 4.9.2014. Data de aceptación: 1.12.2014.

¹ Este texto é unha reelaboración do traballo “Aportaciones de la Etología humana al estudio de las fórmulas”, presentado no *XI Congreso Internacional de Lingüística General*, en maio de 2014, en Pamplona.

² A autora desexa dar as grazas á Dra. Inmaculada Penadés Martínez, que leu unha primeira versión deste traballo, e aos dous expertos anónimos que o revisaron. Os seus valiosos comentarios, críticas e suxerencias foron esenciais para que este artigo saise á luz.

0. Cuestións preliminares

Este traballo ten como principal obxectivo presentar, en liñas xerais, unha proposta de estudo das fórmulas rutineiras baseada nun dos supostos teóricos desenvolvido por Eibl-Eibesfeldt (1979a, 1979b, 1993) no seo da Etoloxía Humana: *a gramática universal do comportamento social humano*. Como se sabe, a Etoloxía Humana pode entenderse como a ciencia que estuda o comportamento humano dende un punto de vista evolutivo. De feito, Eibl-Eibesfeldt, que acuña este termo en 1966, defínea como “bioloxía do comportamento humano”.

No primeiro apartado, preséntase a proposta teórica e examínanse algunhas das nocións que a apoian, a saber: sistema de regras, universalidade, estratexias de interacción e ritualización. Na segunda parte, considéranse, de modo sucinto, algunhas das cuestións teóricas que foron desenvolvidas sobre as fórmulas rutineiras e, finalmente, na última sección, preséntanse algúns conxuntos de exemplos destas unidades a partir dunha perspectiva etolóxica. As fórmulas incluídas no traballo pertencen a diferentes tipos, é dicir, non constitúen grupos homoxéneos, xa que o criterio que determinou a súa incorporación non é outro que o de amosar a adecuación do suposto teórico considerado ao estudo da Fraseoloxía. Agora ben, á hora de establecer a conexión entre a noción etolóxica e o elemento fraseolóxico, tivose en conta a súa función comunicativa, de acordo coas fontes de onde foron extraídas (Corpas Pastor 1996 e Yoshino 2008)³ e a súa paráfrase definitoria, segundo as obras lexicográficas consultadas (Real Academia Española; Seco, Andrés e Ramos 2014).

Finalmente, é necesario sinalar que este non constitúe un estudo etolóxico de feito, pois non se empregou unha metodoloxía baseada na observación e a comparación intercultural dos elementos lingüísticos considerados. Trátase, máis ben, dun achegamento ao tema, unha especie de exploración das súas posibilidades de aplicación á Fraseoloxía. A intención aquí non é, xa que logo, dar por feita a validez do enfoque etolóxico para o estudo das fórmulas, senón suxerir a súa viabilidade. Por este motivo, as ideas que se ofrecen aquí teñen necesariamente un carácter introdutorio e relativo e, como consecuencia, este traballo debe verse como unha proposta para a reflexión e o estudo.

³ A elección desas fontes débese, fundamentalmente, ao feito de que ofrecen unha ampla mostra de fórmulas, na que se sinala de forma específica o seu valor comunicativo. As unidades incluídas no traballo de Yoshino (2008), por exemplo, proceden do baleirado de dúas obras fraseográficas de referencia en español (o *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles* (2004), de Seco, Andrés y Ramos, e o *Diccionario fraseológico del español moderno* (1994), de Varela y Kubarth). Por outra parte, na obra de Copras Pastor (1996), ofrécense valiosas informacións sobre o funcionamento das fórmulas en español. Como se verá máis adiante, neste artigo pártese da definición de fórmula que dá esta autora e adóptase, do mesmo xeito, a súa terminoloxía e proposta de clasificación. Enténdese que as súas aportacións satisfacen os obxectivos preliminares deste traballo e, ademais, permiten poñer en relación, de modo claro e obxectivo, as fórmulas rutineiras e certas nocións etolóxicas.

1. Ao redor do concepto de *gramática universal do comportamento social humano*

Eibl-Eibesfeldt (1979a, 1979b, 1993) acuñou a denominación *gramática universal do comportamento social*, segundo se deduce a partir da nosa investigación bibliográfica e, en diversas ocasións, atópase citada nas súas obras. Explica o autor que grazas aos seus estudos interculturais, cuxa finalidade era “la investigación de adaptaciones filogenéticas y culturales, de formación de rituales y su función, y, en general, de modelos comportamentales de comunicación” (Eibl-Eibesfeldt 1979a:9; 1993:13), puido constatar que nas estratexias de interacción social, tanto as interaccións verbais como as non verbais estaban pautadas por regras universais. A partir de aí, chegou á conclusión de que un sistema universal de regras goberna o comportamento humano e desenvolveu o concepto de gramática deste comportamento. Outro aspecto trascendental para o seu establecemento foi o que presenta Eibl-Eibesfeldt como unha das teses que se debería discutir no seo da chamada Etolingüística⁴. Trátase de “La tesis de la permutabilidad de comportamientos verbales y no verbales como equivalentes funcionales” (Eibl-Eibesfeldt 1993:97) que, como o propio nome indica, recolle a idea de que determinados actos verbais poden ser equivalentes funcionais de actos non verbais, tal como xustifica o o autor:

The discovery that certain verbal and nonverbal behaviors can substitute as functional equivalents for one another bridges the gap between these behaviors and opens the way for the study of grammar of human social behavior, encompassing both modes. Basic social-interaction strategies indeed follow the same rules, regardless of whether verbalized or acted out nonverbally (Eibl-Eibesfeldt 1979b:24).

Máis tarde, volve afirmar Eibl-Eibesfeldt:

La etología humana consiguió dar un paso decisivo con el descubrimiento de las estrategias universales de interacción. Las áreas de la comunicación verbal y no verbal, tratadas como independientes, están ahora unidas por una teoría. Reconocemos la existencia de un sistema de reglas universal en el cual se basa cualquier interacción y podemos, así, comenzar a investigar la gramática del comportamiento social humano (Eibl-Eibesfeldt 1993:567).

Como se deduce a partir das citas, a noción de *gramática universal do comportamento social humano* derívase da tese suscitada e, á vez, desenvólvese a partir da investigación sobre devandita proposición. Segundo o autor, esta gramática constituiría unha parte esencial dos seus estudos. No entanto, aparece de modo disperso nas obras citadas e non parece desenvolverse, polo menos de forma completa, en obras posteriores. Tampouco se atopan referencias concretas a este concepto, tal como o introduciu Eibl-Eibesfeldt

⁴ De acordo co que propón este autor, a Etolingüística é unha rama da Etoloxía Humana que se encargaría de estudar os aspectos evolutivos (filoxenéticos), ontoxenéticos, culturais e sociais do comportamento lingüístico humano.

nas obras doutros teóricos. Con todo, é necesario sinalar que Fox (2004), nun traballo no que busca desvelar e comprender as regras ocultas do comportamento inglés e con iso a súa “inglesidade” (“*Englishness*”), expresa unha noción moi similar, polo menos na súa esencia, á suscitada por Eibl-Eibesfeldt, como se verá a continuación.

Unha forma de obter unha visión máis exacta do constructo elaborado por Eibl-Eibesfeldt é examinar cada un dos elementos que integran a denominación. Así, a partir dos comentarios que desenvolve o autor ao longo de diferentes textos, enténdese que na designación do concepto creado o termo *gramática* úsase de forma metafórica e alude, por unha banda, á idea de sistema, de algo organizado, e, por outro, ás regras que configuran todos os tipos de rituais, que veñen ser conxuntos complexos de patróns de comportamento moi ben estruturados (Eibl-Eibesfeldt 1979a:4)⁵. En consecuencia, este investigador considera que as variacións culturais que se observan, por exemplo, nas interaccións sociais (eventos ritualizados), son aspectos meramente externos. Ilustra o seu punto de vista considerando as similitudes atopadas en certas estratexias de interacción:

Un saludo tras un encuentro y una fiesta yanomami muestran idéntica articulación en termos generales e incluso en cada una de las fases del proceso: las estrategias de la toma de contacto amistoso, las de la consolidación de vínculos y las de despedida, que componen el ritual, están estructuradas igualmente de acuerdo con las mismas reglas (Eibl-Eibesfeldt 1993:548).

Sostén o autor que algunhas destas regras veñen filoxenéticamente dadas, mentres que outras son froito de convencións culturais.

Como se sinalou, Fox (2004), dende unha perspectiva antropolóxica, utiliza os termos *gramática* e *regras* dun modo similar a Eibl-Eibesfeldt. Esta autora tamén fala dunha gramática composta por unhas regras que rexen o comportamento dos membros dunha sociedade dada. O coñecemento, aínda que inconsciente, destas regras permítelles ás persoas actuar de forma fácil e natural (Fox 2004:2). A idea que subxace no seu traballo é a de que existen patróns consistentes e regularidades que caracterizan o comportamento dos seres humanos. Deste xeito, é posible inquirir sobre cales son as regras, entendidas como acordos tácitos colectivos, que rexen este comportamento.

Este pensamento atópase, do mesmo xeito, en diferentes traballos de Tomasello (2007, 2010 e 2013), quen considera que un dos trazos que fai única a cultura humana é o establecemento de institucións sociais, entendidas como: “(...) conjuntos de prácticas comportamentais guiadas por distintos tipos de normas y reglas que los individuos reconocen mutuamente” (Tomasello 2010:13). Estes preceptos adquiren valor coercitivo, pois o seu incumplimento pode ocasionar diferentes sancións ou castigos. Neste sentido, compréndese que as normas veñen contribuír ao mantemento das institucións sociais e,

⁵ Deste xeito, fálase de rituais de saúdo, de cortexo ou de loita, por exemplo. Os actos individuais que integran estes rituais son denominados, á súa vez, *patrones expresivos* o *movimientos expresivos* (Eibl-Eibesfeldt 1979a:4).

á vez, estimulan o desenvolvemento de certas motivacións e habilidades de cooperación peculiares da especie humana.

Esta idea de regularidade conduce ao segundo termo que compón a denominación *gramática universal do comportamento social humano*. A idea de universal aquí ten estreita relación coa noción de innatismo e o peso que ten dita noción na investigación etolóxica. Deste xeito, Eibl-Eibesfeldt fala de “estruturas universais” que se atopan presentes en diferentes tipos de rituais. De feito, a total coincidencia rexistrada en certos patróns de comportamento de diferentes culturas, como o comportamento de saúdo, reforza a crenza de que, moi probablemente, estes patróns teñan unha base innata (aínda que non se descarte a idea de que certas similitudes ou identidades nunha forma de comportamento sexan consecuencia de idénticas influencias do medio). Cabe, do mesmo xeito, a posibilidade de que un tipo de comportamento teña unha base innata, pero se fose transformando dunha cultura a outra (aínda que se sinala que esta transformación se dá de forma semellante). Un exemplo diso sería o “case universal xesto de inclinación” que, de acordo con Eibl-Eibesfeldt (1977:187), pode expresar submisión e cuxa realización pode variar “dende a rápida inclinación de cabeza, pasando pola profunda reverencia, ata a prostración” pero que, en todos os casos, ten como resultado sempre o empequeñecemento da persoa que fai o xesto. Explica o autor que se podería tratar aquí “de diversos graos de intensidade dunha coordinación hereditaria, ou dun patrón de comportamento adquirido sobre a base dunha disposición innata á aprendizaxe”. Dilucidar esta cuestión, no entanto, non é unha tarefa fácil, como recoñece o propio investigador:

En lingüística y en etnología se habla a menudo de universales. Se trata de rasgos que, independientemente de la raza y la pertenencia étnica, son propios de todos los grupos. Se concluye su existencia a partir de la amplia difusión de determinados rasgos, pero, en el fondo, las más de las veces se trata de supuestos universales, ya que apenas puede probarse que algo sea propio de todos los hombres. Una vez comprobada su universalidad, sigue en pie la cuestión de si se trata de una herencia cultural o biológica o de adaptaciones paralelamente. Sólo con el método comparativo, (...) se elaboran aquellos indicios que permiten calificar determinados universales como adaptaciones filogenéticas (Eibl-Eibesfeldt 1993:171).

É importante facer referencia aquí, aínda que brevemente, á correlación que se establece entre a Etoloxía Humana e a chamada *Cognición social*, en canto aos aspectos universais do comportamento humano. Dende este último enfoque afirmase, baseándose en estudos experimentais, que nas interaccións sociais se poñen en marcha determinadas capacidades que teñen unha base innata. De acordo con Escandell-Vidal (2009), estas capacidades innatas vense comprobadas a partir de certos razoamentos, tales como:

any normal human being possesses them simply because he/she belongs to the human race; they exhibit stable patterns of maturing and development, with non need for specific teaching; they are independent of other individual qualities such as intelligence or memory (...) (Escandell-Vidal 2009:68).

Do mesmo xeito, engade esta autora que a neurociencia demostrou que o cerebro do ser humano posúe áreas especializadas na cognición social: o “*social brain*” (Escandell-Vidal 2009:71), que foi identificado un conxunto de mecanismos biolóxicos propios da especie humana, que é universal, e que determinaría o seu comportamento social. Todo isto serviría para comprobar que a cognición social é un sistema universal.

Parece claro que esta perspectiva posúe algúns puntos de conexión co defendido pola Etoloxía Humana. Con todo, cómpre subliñar que Escandell-Vidal, baseándose en Jerome H. Barkow, antropólogo sociocultural, especifica que a universalidade se manifestaría, principalmente, no plano cognitivo (non no cultural); esta universalidade “can be found ‘primarily at the level of evolved psychological mechanisms, not of expressed cultural behaviours’” (Escandell-Vidal 2009:73). Neste sentido, recorda a autora que o cultural complementa a capacidade cognitiva innata, de tal xeito que o desenvolvemento “normal” dun individuo está subordinado en igual medida á súa herdanza biolóxica e cultural. Este razoamento sérvelle para resaltar a importancia da diversidade cultural para a especie humana, algo que vén ser unha especie de marca distintiva do seu comportamento. Neste tipo de reflexión, do mesmo xeito que na investigación etnolóxica, enfócase, sobre todo, o que é diferente, o que varía nas diferentes culturas, mentres que na Etoloxía Humana búscase fundamentalmente o que é común e invariable (Eibl-Eibesfeldt 1977:187).

Quedan por considerar, finalmente, dúas nocións esenciais: as de interacción e estratexia, que apoian o sintagma, *comportamento social humano*, último constituínte da denominación que se examina. A primeira delas, interacción, non require maiores explicacións, considerando a súa intrínseca relación coa idea de sociedade e ser humano (en esencia, un ente social), e a importancia que teñen estes aspectos para a Etoloxía Humana. En cambio, a segunda noción, a de estratexia, demanda unha breve reflexión, tendo en conta o valor que adquire no conxunto da obra de Eibl-Eibesfeldt. Previamente, para entender devandito valor, hai que ter en conta a súa concepción de comportamento humano como “una red de caminos que lleva a una meta determinada” (Eibl-Eibesfeldt 1993:542). Esta rede de camiños é moi intrincada, chea de encrucilladas, porque un obxectivo pode ser alcanzado por diferentes vías, ou porque poden existir metas subordinadas. Como consecuencia, os seres humanos están obrigados a tomar decisións. De acordo co autor:

La manera como se tomen las decisiones en las encrucijadas dependerá de la predisposición emocional, de la situación estimular y, sobre todo, de las experiencias personales en particular; que hacen al comportamiento humano tan rico en variación, pero de ninguna manera impredecible. Las convenciones culturales y las adaptaciones filogenéticas restringen decisivamente las posibilidades de conducta (Eibl-Eibesfeldt 1993:103).

Neste contexto, Eibl-Eibesfeldt (1993) utiliza o termo *estratexia* dunha forma precisa para referirse á serie de pasos sucesivos que dan os seres humanos para lograren un obxectivo, para conseguiren algo determinado. A observación dun comportamento dado, por exemplo, a liberación dunha agresión, revela que “a esa meta pueden llevar diversos caminos con muchos pasos de acción diferentes” (Eibl-Eibesfeldt 1993:132); por iso é

posible falar de estratexias de liberación de agresión, en lugar de referirse a unha única estratexia, entendéndoas como as diferentes traxectorias relacionadas con iso. Afirmo este autor que:

Una estrategia sería el camino recorrido en concreto mediante unos pasos de acción determinados que conducen a un fin, pero como registramos diversos caminos preferentes para un mismo fin, hay diversas estrategias para la liberación de la agresión. Se las podría denominar en conjunto como el repertorio de estrategias de que un individuo dispone para este cometido (Eibl-Eibesfeldt 1993:132).

En consonancia co anterior, advirte que as estratexias despregadas para acadar unha meta específica, así como as posibilidades de conduta sinaladas anteriormente, non constitúen un conxunto aberto, senón que están limitadas.

O concepto de *estratexia* é fundamental para a súa formulación de gramática, xa que está directamente vinculado ás ideas de ritual, ritualización e de universalidade. De feito, Eibl-Eibesfeldt considera que os rituais son a miúdo “estrategias configuradas y consolidadas de modo especial mediante convenciones” (Eibl-Eibesfeldt 1993:569). É preciso sinalar que na Etoloxía Humana os termos “ritual” e “ritualización” poden definirse dende un punto de vista biolóxico -neste sentido, entenderíanse, respectivamente, como unha categoría particular de patróns de comportamento e o proceso que deu lugar a estes (Eibl-Eibesfeldt 1979a:4)-; e tamén dende unha perspectiva antropolóxica, pola que se comprende que un ritual constitúe un patrón de comportamento ao servizo da función comunicativa (e este pode sufrir cambios a favor desa función, o que fortalecería o seu valor comunicativo). No sentido antropolóxico, a ritualización constitúe, de igual xeito, un proceso, a través do que un ritual pasa a ter un papel comunicativo. Así o explica este autor: “The process by which behavior patterns acquire their signalling function is called ritualization” (Eibl-Eibesfeldt 1979a:7)⁶. Na xénese dun ritual, é posible distinguir entre sinais que evolucionaron filoxenéticamente, os que se adquiriron culturalmente e os que poden ser creados polo propio individuo.

Para os etólogos, un patrón de comportamento pode ter un valor adaptativo e funcional, polo que é posible indagar, por exemplo, sobre a contribución dun determinado comportamento para o mantemento dunha sociedade e sobre que papel cumpre. Recoñécese, por exemplo, que os rituais proporcionan cohesión aos grupos sociais, xa que axudan a crear ou reforzar a súa identidade. Isto en si mesmo ten un valor adaptativo porque favorece a conservación do grupo social. Por todo iso, compréndese por que na evolución biolóxica e cultural se percibe unha tendencia á tradición: “(...) humans are fond of traditional ways. They do not like to throw overboard the beloved customs which provide subjective security” (Eibl-Eibesfeldt 1979a:5). Neste sentido, o medo a abandonar costumes e tradicións

⁶ Máis adiante, válida o autor esta información ao afirmar que “Ritualization is the process by which non-communicative behavior patterns evolve into signals. The term ‘semantization’ has been proposed by Wickler (1967) to encompass all processes which lead to an improvement of communication. This can take place from the sender (semantization from the sender) which is then called ritualization” (Eibl-Eibesfeldt 1979a:14).

ten, do mesmo xeito, valor adaptativo. Como sinalou Santiago Guervós (2005), o medo cumpre un papel fundamental no comportamento humano, xa que gran parte das nosas accións van dirixidas a reduci-lo e, con iso, a diminuír a inseguridade e a incerteza: “El miedo se conjura con seguridad. La búsqueda de seguridad es una respuesta universal” (Santiago Guervós 2005:187).

Cómpre sinalar, do mesmo xeito, que, para Eibl-Eibesfeldt, o comportamento falado posúe un “alto grado de ritualización”. Aquí enúnciase, de feito, outra das teses das que se encargaría de estudar a Etolingüística, a da ritualización da fala, a cal está estreitamente relacionada coa tese do “distanciamiento de los instintos mediante el habla” (Eibl-Eibesfeldt 1993:597). Recorda este investigador que os homes poden pelexar con palabras, o que representaría a máis elaborada forma de ritualización do comportamento agresivo. En definitiva, entende este autor que o comportamento verbal constitúe un evento ritual, de xeito que neste último non é posible separar o que lle incumbe á fala do que lle incumbe ao comportamento (Eibl-Eibesfeldt 1979a:38).

Por outra banda, o carácter universal das estratexias vese confirmado a partir do feito comprobado de que os homes adoitan actuar de modo análogo á hora de lograren un obxectivo concreto. Deste xeito, unha comparación intercultural dos rituais de saúdo, entendidos como patróns de comportamento que se desenvolven nos encontros para emprender unha interacción amistosa, mostra que por detrás das diferenzas externas se atopa unha estratexia universal, baseada nun sistema de regras, que organiza a iniciación do contacto amistoso. De feito, na súa investigación, ao comparar como distintas culturas levan a cabo estes rituais, este autor observou que, máis aló das diferenzas superficiais que se observan, detéctanse moitas similitudes. En todos os casos estudados, revelouse un elemento estrutural en común: a combinación de demostracións grandiosas e declaracións de conciliación e alianza. Isto pódese observar, por exemplo, cando se comparan rituais efectuados por indios yanomani, cando son invitados a unha festa nunha aldea, e os efectuados polos europeos, nunha recepción dunha visita de Estado. Nos dous casos, á exhibición de poder séguelle a mostra de conciliación, como se ve no cadro que segue:

Yanomani	Europeo
Ostentación agresiva: danza dun guerreiro acompañado de armas, na que realiza unha representación intimidatoria.	Ostentación agresiva: pompa militar dunha compañía de honores, case sempre acompañada de disparos de salvas.
Requerimiento amistoso: durante a representación, acompañao un neno (ou un grupo de rapazas) axitando un ramo verde de palma.	Requerimiento amistoso: entrega ao hóspede, polo xeral por un neno, dun ramo de flores.

Cadro 1: Comparación intercultural dos rituais de saúdo (Fonte: Elaboración propia a partir de Eibl-Eibesfeldt 1993)

Incluso os saúdos interpersonais poden ter unha estrutura similar, como comenta o autor: “si dos centroeuropeos se saludan, se dan la mano y la agitan con un fuerte apretón, en una especie de medición de fuerzas. Al mismo tiempo sonríen amistosamente, asienten con la cabeza y se dicen palabras cortesas” (Eibl-Eibesfeldt 1993:544). A partir da

reflexión sobre estes feitos (esa combinación entre ostentación e conciliación), afirma este investigador que as relacións interpersoais son ambivalentes: os homes senten necesidade de crearen vínculos e á vez mostran unha forte propensión a estableceren relacións de dominio (e, polo xeral, cando detectan calquera sinal de debilidade no seu próximo, poden utilizala ao seu favor co obxectivo de impoñerse). Non obstante, esta tendencia adóitase reprimir e búscase a conciliación. Así, os seres humanos, segundo o tipo de ritual de saúdo no que tomen parte, buscan demostrar enerxía, evitan as disputas e poñen en marcha unha serie de actos amistosos, como a entrega de agasallos, o sorriso e as declaracións verbais oportunas. Inténtase, pois, asegurar a posibilidade de establecer unha relación amistosa ou de conservala. Conclúe o autor que:

La manera concreta de exhibirse, de conciliar o de establecer un vínculo cambia en cada caso, pues disponemos de diversos modos de comportamiento que son equivalentes funcionales –tanto innatos como culturales–, incluidas las declaraciones verbales. El ropaje externo – la estructura superficial – en que van envueltos estos acontecimientos varía, pero las reglas que los articulan en un nivel profundo son las mismas (Eibl-Eibesfeldt 1993:545).

As probas da universalidade destas estratexias dimanan de catro fontes principais: investigacións interculturais; o estudo do comportamento de bebés e nenos; o exame do comportamento de cegos e xordos conxénitos (e tamén doutros individuos con algún tipo de carencia)⁷, e estudos comparativos entre primates ⁸.

As estratexias poden dividirse segundo os obxectivos da acción realizada e agrupadas en categorías xerárquicas. A partir de estudos comparativos interculturais e de acordo coa súa clasificación dos rituais, Eibl-Eibesfeldt propón unha estruturación das estratexias de interacción, segundo unha perspectiva funcional, que queda reflectida neste cadro:

1. Estratexias de vinculación e agrupamento (estratexias sinagonais)	a. Estratexias do inicio do contacto amistoso b. Estratexias de reforzamento de vínculos c. Estratexias para o mantemento da harmonía do grupo
2. Estratexias de adoutramento social	a. Estratexias de exploración social b. Estratexias de corrección c. Estratexias de acción conxunta
3. Estratexias de aspiración de rango	a. Estratexias de autoexhibición c. Estratexias de defensa do rango c. Rituais de obediencia.

⁷ Un exemplo disto son os estudos de Cyrulnik sobre o atraso no desenvolvemento lingüístico, provocado por carencias afectivas, en nenos abandonados e aillados, “los niños bajo llave” (Cyrulnik 2008:54), así como os seus traballos sobre o comportamento xestual do “hombre sin habla” (Cyrulnik 2008:107), é dicir, os afásicos, os autistas e os nenos salvaxes.

⁸ Como explica Eibl-Eibesfeldt (1979b:9): “It can be shown that a variety of motor patterns and unconditioned responses to certain stimuli determine not only certain innate motivating mechanisms but also many of man’s basic social interaction strategies. Furthermore, there are strong indications that many complex cultural rituals are in fact elaborations of phylogenetically evolved interaction strategies”.

4. Estratexias de belixerancia co inimigo (estratexias agonais)	a. Estratexias para intimidación e presunción b. Estratexias de provocación c. Estratexias de ataque e loita d. Estratexias de defensa e. Estratexias de retirada f. Estratexias de reconciliación e de pacificación g. Estratexias de sumisión
---	---

Cadro 2: Estratexias de interacción segundo a súa función (Fonte: Elaboración propia a partir de Eibl-Eibesfeldt 1993:570-571).

Os elementos que aparecen na columna da esquerda considéranse estratexias de categoría superior e abranguen compoñentes que están interrelacionados. Estes compoñentes, na columna da dereita, enténdense como estratexias de niveis inferiores e moitos deles, de acordo con Eibl-Eibesfeldt, están total ou parcialmente ritualizados. Ademais, esas estratexias repítense en diferentes conxuntos funcionais. Así, unha conduta amistosa está presente tanto en 1. a) *Estratexias do inicio de contacto amistoso* como en 1. b) *Estratexias de reforzamento de vínculos*; a intimidación pode rexistrarse tanto en 1. c) *Estratexias para o mantemento da harmonía do grupo* como en 4. a) *Estratexias para intimidación e presunción*.

En síntese, a *gramática universal do comportamento social humano* constitúe unha hipótese especulativa segundo a cal existiría un sistema universal de regras a partir do cal se estruturan as diferentes estratexias básicas de interacción verbal e non verbal. Ditas estratexias poden acadar un alto grao de ritualización, e a análise comparativa intercultural revela comportamentos ritualizados similares ou idénticos en diferentes grupos ou individuos. Esta identidade pódese explicar como resultado de cuestións filoxenéticas e/ou culturais.

2. Consideracións sobre as fórmulas rutineiras

As diferentes ideas que apoian o concepto de *gramática universal do comportamento social humano* proporcionan unha interesante vía de reflexión sobre as fórmulas rutineiras, un tipo de enunciado fraseolóxico. Antes de presentar unha proposta de aplicación do enfoque etolóxico ao estudo destas unidades, faise preciso, no entanto, repasar, aínda que sucintamente, algúns aspectos teóricos clave relacionados con este tema. Estes aspectos servirán, do mesmo xeito, para comprobarmos a aplicabilidade dalgúns conceptos da Etoloxía Humana ao estudo das fórmulas. Este tipo de unidade foi amplamente estudada, aínda que determinadas cuestións que competen á súa delimitación, á súa autonomía, ás súas propiedades ou ao seu status (e en relación con iso ao seu tratamento lexicográfico) seguen suscitando polémica e contribúen a que o tema permaneza no ollo do furacán⁹.

⁹ Son exemplos de traballos que enfocaron estas cuestións polémicas: Núñez Bayo (2013), Alvarado Ortega (2007 y 2010).

Tendo en conta as limitacións e os obxectivos deste traballo, este artigo non se centra nas controversias ao redor da definición e a delimitación do concepto de fórmula rutineira e cingúese a unha visión que pode ser considerada clásica na Fraseoloxía española: a de Corpas Pastor (1996), segundo a cal estas “constituyen fórmulas de la interacción social habituales y estereotipadas que cumplen funciones específicas en situaciones predecibles, rutinarias y, hasta cierto punto, ritualizadas” (Corpas Pastor 1996:171). Nesta definición congréganse diferentes aspectos teóricos, postulados, principalmente, a partir de estudos realizados en inglés ou alemán, debido á escasa atención que, naquel momento, este tema recibira no ámbito hispánico. Esta situación cambiou positivamente e na actualidade é posible atopar diferentes monografía e artigos dedicados ao estudo destas unidades fraseolóxicas¹⁰.

Adoptáronse dúas perspectivas básicas no estudo das fórmulas rutineiras: unha centrada na forma, pola que se destacou a súa fixación e o seu carácter convencional, e outra centrada na función, que demostrou a súa importancia na organización conversacional e a súa relación con determinadas estratexias de comunicación e patróns de comportamento social. Nos traballos sobre este tipo de unidade, son moi frecuentes algúns termos como, por exemplo: *situación social e situación comunicativa; vinculación contextual; estandarización, estereotipo e ritual*. En consonancia con iso, propuxéronse como características primarias destas unidades: a súa repetición (relacionada coa frecuencia de aparición nalgúns contextos); a súa dependencia situacional (en relación coa vinculación con situacións estandarizadas); o seu carácter predecible (referido á probabilidade de que se dean en determinados contextos comunicativos); a súa funcionalidade pragmática (respecto ao feito de que o seu uso supón un propósito social específico); e a súa normatividade interindividual, relacionada co coñecemento colectivo que os falantes teñen das fórmulas (cousa que lles permite realizar inferencias non só sobre que unidades poden figurar en certas situacións, senón tamén sobre a actitude dos interlocutores -e isto serve de guía para as estratexias de interacción social-) (Wills 1990:378; Corpas Pastor 1996:171-172). De feito, chégase a afirmar que a razón do seu uso atópase “en el conocimiento colectivo acerca de los tipos de enunciados que se esperan en ciertas situaciones comunicativas” (Corpas Pastor 1996:173).

Por todo iso, é amplamente aceptada a idea de que as fórmulas son útiles para a interacción social, xa que actúan como elementos que ordenan o desenvolvemento da comunicación, regulan e facilitan a produción e recepción lingüísticas. De feito, algunhas destas peculiaridades serven de fundamento para as diferentes propostas de clasificación das fórmulas, nas que abundan criterios baseados nas nocións de interacción, cortesía, situacións semi ou totalmente ritualizadas, estruturación do discurso e expresividade.

¹⁰ Como botón de mostra, algúns traballos recentes publicados sobre este tema: Larreta Zulategui (2014), sobre as fórmulas rutineiras de rexeitamento en español e as súas equivalencias en alemán; Zuluaga Gómez e Arboleda Granda (2012), sobre as fórmulas rutineiras na variedade argótica parlache; Martín Aizpuru (2010), sobre as fórmulas rutineiras sociais na clase de español como lingua estranxeira; Medina Reguera (2010), sobre as fórmulas rutineiras como un tipo de unidade fraseolóxica nos dicionarios de aprendizaxe do español e alemán; e Mura e Ruiz Gurillo (2010), sobre un tipo de esquema fraseolóxico estudado de modo contrastivo en español e italiano.

Cómpre sinalar, ademais, que dende hai un tempo a perspectiva intra e intercultural aplicada ao estudo das fórmulas foi gañando moito espazo en diferentes liñas de investigación ¹¹. Neste sentido, Corpas Pastor (1996) fai referencia ao concepto de marcos socio-culturais ou marcos de situación formulado para dar conta dos coñecementos que teñen os falantes para comprenderen e interpretaren as fórmulas. O devandito concepto constrúese a partir dunha idea básica: as fórmulas codifican un tipo especial de coñecemento social e cultural. Afirma esta autora que:

(...) los marcos de situación para las fórmulas rutinarias son esquemas cognitivos que (a) comprenden la información necesaria para el uso correcto de una fórmula, o una clase de fórmulas, y (b) motivan el uso de la(s) misma(s) en un momento dado (Corpas Pastor 1996:176).

Estes esquemas veñen ser o reflexo da percepción prototípica e convencional que teñen os falantes das situacións de uso, e reproducen fielmente a súa cultura.

Interesa destacar aquí algunhas cuestións examinadas con respecto ás fórmulas e que se poden vincular co concepto de *gramática universal do comportamento social humano*, como se verá máis adiante. Trátase, en concreto, dos conceptos de *estereotipo*, *comportamento* e *interacción social*, *cultura* e *universalidade*. Estes conceptos están estreitamente relacionados e a formulación dun implica o do outro. Na consideración de cada un deles, queda clara esta vinculación. O primeiro deles, *estereotipo*, aparece en diferentes traballos aplicado ao estudo das fórmulas. Neles, a idea de estereotipo asóciase frecuentemente ás nocións de ritual, convención e rutina, e estas, á súa vez, aplícanse case sempre aos temas de conversa (Corpas Pastor 1996:173). Reitérase nestes traballos a crenza de que a repetición de certas situacións comunicativas, a ritualización de temas conversacionais ou a estandarización das condicións de comunicación propician a aparición de certas unidades lingüísticas, que pasan a ser predecibles e esperadas. Afirma Corpas Pastor, neste sentido, que as fórmulas “comparten con el estereotipo su capacidad de mantener la armonía social, por lo que tienen una gran importancia en los patrones conversacionales occidentales” (Corpas Pastor 1996:173). Por outra banda, chégase a afirmar que as fórmulas están elas mesmas estereotipadas, debido ao seu carácter fixo, e tamén porque son formas de comportamento aceptadas polos falantes, polo que, en consecuencia, son portadoras de valores culturais e reflicten cambios sociais acaecidos. En definitiva, considérase que o dominio das fórmulas vén ser unha parte esencial da competencia comunicativa dos falantes¹², xa que situacións comunicativas estereotipadas adoitan darse en todas as culturas. Como sinalaron Young e outros (1970:26 *apud* Wills 1990:379): “People conceive of the world in terms of repeatable units”.

Respecto ao tándem *comportamento-interacción social*, percíbese que, aínda que se sinalaron os aspectos cognitivos subxacentes ás fórmulas (por exemplo, o feito de que o seu almacenamento e procesamento se dean “en bloque”), púxose especial énfase nos seus

¹¹ Ilustran este feito os traballos de Szerszunowicz (2012), Geck (2011) e Piirainen (2008).

¹² Richards e Sukwiwat (1983:114), por exemplo, consideran que: “Conversational routines help define speech situations, and their appropriate use is a vital component of a social competence in a language”.

aspectos sociais e, con iso, nos seus aspectos pragmáticos¹³. Neste sentido, identifícanse como un tipo de mecanismo que facilita a interacción social, como xa indiquei, e destacouse o feito de que o seu uso supón a observación dos principios de cooperación, en tanto que existe dos falantes unha actitude participativa. Todo iso vén reforzar a súa importancia para o establecemento das relacións interpersonais e, polo tanto, para a interacción. Existe, sen dúbida, un consenso maioritario con respecto á idea de que as fórmulas:

constitute a very important group, because their function is to perform speech acts, which means that “they are therefore an immediate part of behavioural and interactive routines, i.e. of modes of social behaviour, including interactional (or: communicative styles (...)) These, too, are considered an important feature of a culture (...) (Szerszunowicz 2012:329)¹⁴.

Esta notable vinculación co social levou, incluso, ao emprego da metáfora “gramática social” con respecto ás fórmulas. Wills (1990:382) defendeu a idea de que estas unidades “(...) serve as a communicative calculus, as a “social grammar” which makes sender and recipient aware of the social impact and prestige of convergent discourse strategies”. Do mesmo xeito, Corpas Pastor chegou a afirmar que estas unidades

Constituyen una especie de gramática social o de etiqueta lingüística, un subsistema comunicativo para las situaciones de interacción, que viene motivado por el deseo de un funcionamiento coherente, económico y fluido del discurso, basado en una norma aceptada por la comunidad hablante (Corpas Pastor 1996:173-174).

Nas citas anteriores, queda claro o importante papel atribuído ás fórmulas no funcionamento do discurso; doutra banda, queda patente, ademais, o recoñecemento de que estas unidades lingüísticas son determinantes para o desenvolvemento do comportamento e a interacción social dos seres humanos. A partir desta formulación, moitos teóricos defenden a idea de que as fórmulas son un fenómeno cultural e indagan sobre o suposto carácter universal destes elementos. Do mesmo xeito, argumentase que o cultural define e moldea o social, polo que “*all communicative formulae reveal aspects of culture-based social interaction*” (Piirainen 2008:215).

Dentro deste complexo contexto, é posible observar como o principio de universalidade foi vinculado, de forma reiterada, ao estudo das fórmulas, aínda que este principio parece aplicarse de forma restrinxida: por unha banda, recoñécese o feito de que este tipo de unidade se atopa presente en todas as linguas estudadas ata o momento; doutra banda, crese que certas categorías nocionais que subxacen ao uso das fórmulas, como, por exemplo, a idea de cortesía, teñen, do mesmo xeito, un carácter universal. Con todo, para a gran maioría dos estudosos, o máis destacable no estudo das fórmulas é o

¹³ Unha aplicación da perspectiva pragmática ao estudo das fórmulas e locucións pode verse en Penadés Martínez (1997:411-426).

¹⁴ Tamén neste sentido sinalouse que “VS [Verbal stereotypy] comply with the general human inclination towards “minimax strategies” which we can also observe in non-linguistic behaviour (Lippmann 1949). VS are, on the whole, an indispensable part of human behaviour” (Wills 1990:387).

feito de que, debido a cuestións socioculturais, estas poden variar enormemente dunha lingua a outra ou, en cambio, poden ser exclusivas dun sistema lingüístico dado, como se sinala na cita seguinte:

(...) culture-universal VS invariance [e.g. “All societies have rules for good manners” (Young et al. 1970: 172)] is complemented by culture-specific (ethnographic) variance. A society’s language “... consists of whatever it is one has to know in order to communicate with its speakers as adequately as they do with each other and in a manner which they will accept as corresponding to their own” (Goodenough 1964: 37) (Wills 1990: 386).

Porén, a suposta relación de complementariedade sinalada arriba non parece predominar nas investigacións sobre as fórmulas xa que, case sempre, se busca subliñar as idiosincrasias reveladas polos estudos interculturais. En definitiva, faise fincapé nas diferenzas interlingüísticas que se rexistran nas formas e as funcións das fórmulas rutineiras, diferenzas que poden dar lugar a que nunha mesma situación se empreguen distintas unidades ou que, ata, a situación social sexa específica dunha cultura determinada. As palabras de Richards e Sukwiat (1982) ilustran este suposto:

Cultures define social situations differently. Although there are many social situations that are common across the cultures such as meals, weddings, and funerals, there are others for which no direct equivalence exists in the other culture, such as “at the pub” in Britain, “attending a Buddhist ordination ceremony for a young man” in Thailand, or “visiting elders and family members on Chinese New Year” in Chinese societies. Presumably routines are associated with these and many other culturally specific events that are particular and unique to the culture in which they occur (Richards y Sukwiat 1982:115).

Infírese de todo iso que un repertorio de fórmulas rutineiras se considera unha especie de patrimonio único de cada sociedade, se se corresponde con eventos socioculturais peculiares. En cambio, cando abrangue prácticas socioculturais comúns poden darse equivalencias lingüísticas. Conforme esta postura, os estudos contrastivos ocupan unha parte importante nas investigacións sobre este tema.

En conclusión, os estudos sobre as fórmulas vincularon, de forma incuestionable, esta parcela lingüística co comportamento social dos seres humanos, coa interacción interpersonal, que se corresponde con determinadas situacións sociais (altamente ritualizadas), e, polo tanto, cos tipos de discurso e estratexias comunicativas que se dan nestes contextos. Finalmente, moitos estudos nos que se asume un vínculo indisoluble entre lingua e cultura ratifican a enorme influencia desta última na estruturación e funcionamento das fórmulas, de tal xeito que se fai referencia a estas como un fenómeno cultural¹⁵.

¹⁵ Sobre a relación entre cultura e Fraseoloxía, afirmou Sabban (2008:231) que “phraseological units can be considered culturally bound in various ways, depending on the following aspects: the type of phraseme and its associated dominant semiotic function (referential phrasemes, e.g. idioms; communicative phrasemes, e.g. routine formulae), the semantic level under consideration (the phraseological level or entire target

3. Achegas da Etoloxía Humana ao estudo das fórmulas rutineiras

A revisión teórica realizada nos apartados 1. e 2. pon de manifesto que determinados conceptos estudados pola Etoloxía Humana, como os de estratexias de interacción, ritualización e aspectos universais da conduta humana, todos eles constitutivos da gramática universal do comportamento social humano, manteñen unha relación directa con moitas das cuestións que están na base das reflexións sobre as fórmulas¹⁶, a saber: os conceptos de estereotipo, comportamento e interacción social, cultura e universalidade, sinalados máis arriba. Tal feito estimula a reflexión e a curiosidade, o que parece motivo suficiente para emprender a tarefa de intentar empregar o enfoque etolóxico no estudo das fórmulas rutineiras. Así, na proposta que segue, relaciónanse os conceptos etolóxicos indicados con certos tipos de fórmulas rutineiras¹⁷ e inténtase mostrar de que xeito estes poden axudar a ampliar o coñecemento sobre este tipo de unidade.

3.1. As fórmulas rutineiras como elementos vinculantes

As citadas “estratexias do inicio do contacto amistoso” e as “estratexias de reforzamento de vínculos” (Cadro 2) poden dar lugar a unha suxestiva perspectiva de estudo dun tipo de fórmula rutineira que pode clasificarse como “fórmula de apertura e peche” (un subtipo de “fórmula discursiva”) ou como “fórmula ritual” (que inclúe as fórmulas de saúdo e despedida, típicas deste tipo de acto de fala ritual). Son exemplos deste tipo de fórmula: *Muy buenas, ¿Cómo te va?, Hasta luego, Que te vaya bien*, todas elas especializadas pragmáticamente e, por iso, relacionadas con situacións conversacionais altamente ritualizadas.

O enfoque etolóxico proporciona, neste caso, unha vía de especulación que permite afondar sobre a cuestión da universalidade deste tipo de unidade¹⁸. Como se indicou, para os etólogos a existencia, en diferentes culturas, de estratexias similares para a iniciación do contacto amistoso é un índice de universalidade no comportamento humano. Esta idea, ademais, corrobórase pola existencia doutras estratexias de interacción con patróns semellantes. Un exemplo diso son as interaccións que suceden ao comezo do contacto amistoso e que dan paso a unha charla vinculante, na que cada un dos interlocutores debe cumprir un papel específico, seguindo unhas pautas preestablecidas, tanto no seu comportamento verbal coma no non verbal. O

domains, concepts and types of motivations), the definition of culture or a particular dimension of culture (modes of conceptualizing and evaluating, modes of interaction and social behaviour and underlying value orientations, a culture's texts, or cultural codes, as in the framework of cultural semiotics), the synchronic or diachronic orientation”.

¹⁶ Estas nocións etolóxicas poden relacionarse, do mesmo xeito, co estudo das bases metafóricas que subxacen á formación de diferentes tipos de unidades fraseolóxicas e incluso de elementos léxicos simples. En relación con isto, cómpre indicar que Goddard (2009) conectou os conceptos de ritual e ritualización ao estudo dos proverbios e sinalou como este tipo de unidade lingüística pode lexitimar determinados comportamentos sociais e ofrecer estratexias para facer fronte a circunstancias recorrentes.

¹⁷ A tipoloxía de fórmulas á que fago referencia nos subapartados seguintes está sacada da proposta de clasificación de Corpas Pastor (1996).

¹⁸ Idea apoiada, ademais, pola Fraseoloxía, xa que en diferentes traballos, moitos deles sobre a cortesía, sinaláase a existencia deste tipo de fórmula nas culturas descritas.

incumprimento deste ritual pode provocar decepción ou rexeitamento. Así descríbese este tipo de interacción: o encontro entre dous amigos, por exemplo, pode iniciarse cun saúdo inicial (fase inicial, de saúdo), seguir cunha breve conversa, na que os participantes poden interesarse sobre o estado de saúde ou de ánimo, por exemplo; poden falar de temas triviais, coma do tempo, das circunstancias actuais ou de como marcha a vida (fase de consolidación, que serve para crear unha atmosfera cordial, que permitiría dar paso á exposición dun desexo ou dunha petición); manifestación do desexo ou da necesidade de marchar (fase de despedida, que finalizaría case sempre cun bo desexo, que equivale a un agasallo). Non hai dúbida de que, neste tipo de interacción, unha gran parte do comportamento verbal humano maniféstase por medio de fórmulas, como as que figuran no seguinte cadro:

Fase inicial	Fase de consolidación	Fase de despedida
<p><i>Muy buenas</i> <i>¿Qué hay?</i> <i>¿Cómo te va?</i> <i>Choca esos cinco // vengán</i> <i>esos cinco</i></p>	<p><i>¿Qué hay de tu vida?</i> <i>¿Dónde te metes?</i></p>	<p><i>¡Que te vaya bien!</i> <i>¡Que descanses!</i> <i>A seguir bien</i> <i>A pasarlo bien</i></p>

Cadro 3: As fórmulas e os rituais de interacción amistosa

Tanto na Etoloxía Humana como na Antropoloxía prestóuselle atención á importancia deste tipo de charla, comunmente denominada *charla vinculante*. Distintos autores adoptaron o termo *grooming talk*, atribuído ao etólogo e zoolóxico inglés D. Morris (1984), para facer referencia a ela. Morris, no célebre traballo *The Naked Ape*, publicado en 1969, mostra que o *grooming* (acicalamento) é unha tendencia xeral que marca os patróns de comportamento dos primates e que cumpre tamén unha función social (*social grooming*), como a de fortalecer os lazos de amizade. No caso dos seres humanos, dita tendencia debe ser considerada no marco do comportamento verbal. Propón este autor que este comportamento, nas súas orixes, evolucionaría a raíz do incremento da necesidade do intercambio cooperativo de informacións. Suxire, así, que a partir dunha función informativa inicial (*information talking*), o comportamento verbal foi adquirindo outras funcións como a emocional (*mood talking*), a investigativa (*exploratory talking*) e, finalmente, o *grooming talk*, entendido como:

This is the meaningless, polite chatter of social occasions, the ‘nice weather we are having’ or ‘have you read any good books lately’ form of talking. It is not concerned with the exchange of important ideas or information, nor does it reveal the true mood of the speaker, nor is it aesthetically pleasing. Its function is to reinforce the greeting smile and to maintain the social togetherness. It is our substitute for social grooming. By providing us with a non-aggressive social preoccupation, it enables us to expose ourselves communally to another over comparatively long periods, in this way enabling valuable group bonds and friendships to grow and become strengthened (Morris 1984:167).

De acordo co autor, este tipo de conversa xoga un papel dominante inmediatamente despois da realización dos rituais de saúdo, pero a súa importancia, desenvolvemento e duración verase afectada polo tipo de evento comunicativo de que se trate (charla de negocios, encontro entre amigos, encontros sociais entre descoñecidos nunha festa, etc.).

Para Eibl-Eibsfeldt (1993:545) a conversa vinculante posúe unha función primordial, a de “buscar e manifestar coincidencia”. A este respecto, fórmulas como as que se amosan no cadro seguinte son, do mesmo xeito, características desta conversa vinculante, xa que expresan asentimento, concordancia:

<i>¡Así se habla!</i>	<i>¡Eso es!</i>
<i>¡Claro está!</i>	<i>¡Pues claro!</i>
<i>¡Claro que sí!</i>	<i>Si lo sabré yo (él...)</i>
<i>¡Di/diga que sí</i>	<i>¡Y que lo diga (s)!</i>
<i>Dimelo/ Dígamelo a mí</i>	<i>¡Ya lo veo!</i>
<i>¡Eso digo yo!</i>	

Cadro 4: Fórmulas de consentimento

Na Fraseoloxía, este tipo de unidade adoita clasificarse como un tipo de “fórmula expresiva” (máis concretamente, unha “fórmula de consentimento” un subtipo das “fórmulas psico-sociais”). Considerando a perspectiva etolóxica, verificase que estas unidades cumpren unha función moi similar á das fórmulas discursivas ou rituais: todas elas figuran en interaccións amistosas e exercen o papel de elementos vinculantes. Deste xeito, estas fórmulas parecen estar relacionadas cun tipo de comportamento considerado universal pola Etoloxía Humana, a través do cal os seres humanos establecen contactos amistosos e esfórzanse por manter e reforzar os vínculos que os unen. Do mesmo xeito, esta perspectiva reforza os supostos segundo os cales as interaccións sociais establecidas pola especie humana son, en esencia, colaborativas e a comunicación humana, de igual xeito, é un fenómeno sustancialmente cooperativo (Tomasello 2010 e 2013).

3.2. As fórmulas rutineiras como elementos apaciguadores e harmonizadores

O exame doutro subtipo de “fórmulas expresivas”, as “fórmulas de agradecemento”, a partir da súa posible relación coas “estratexias para o mantemento da harmonía do grupo” (e, de modo específico, as subestratexias para evitar o desafío e coa finalidade de apaciguamento), permite, do mesmo xeito, abrir novas vías de reflexión sobre este tipo de unidade. Neste caso, tense en conta a visión etolóxica sobre a doazón e o reparto de obxectos.

Para os etólogos, o reparto de obxectos non só crea ou reforza os vínculos, senón que en si pode manifestar un compoñente agresivo (demostración de superioridade). Recoñécese que unha doazón pode, en ocasións, converter ao que recibe en debedor e conferir ao que doa un rango máis elevado. Neste sentido, cómpre resaltar que moitas das “fórmulas de agradecemento” parecen traer esta idea implícita, como se pode apreciar nos exemplos a continuación:

<i>Muchas gracias</i>	<i>(Que) Dios te (le...) bendiga</i>
<i>Muy agradecido</i>	<i>(Que) Dios te (se...) lo pague</i>
<i>Muy amable</i>	

Cadro 5: Fórmulas de agradecemento

O sentido literal das dúas últimas unidades parece remitirle ao doador expresamente ao sinalado:, o que será bendito e pago por Deus, en caso de cumprirse o desexo do debedor, atribúeselle un status máis elevado. Resulta interesante sinalar que a fórmula portuguesa de agradecemento (*muito obrigado (a)* (Houaiss, 2008)¹⁹, equivalente ao *muchas gracias* do español, parece traducir perfectamente este suposto, xa que polo seu uso o falante recoñécese como debedor dun favor ou amabilidade, polo que se supón que está obrigado a retribuílos²⁰.

As cuestións tratadas no marco da noción de doazón, reparto e propiedade de obxectos teñen clara relación coa teoría pragmática da cortesía verbal²¹. De feito, Eibl-Eibesfeldt (1993) recolle algúns dos descubrimentos de Brown e Levinson na súa investigación sobre as peticións verbais cortesías²². Fai fincapé na importancia que ten a noción de prestixio persoal para os seres humanos; indica, ademais, o feito de que a necesidade de mantelo configura o desenvolvemento das interaccións e chega a modelar as estratexias de petición verbal²³. Como se trata dunha necesidade inherente aos individuos, os actos de fala empregados neste contexto poden ser idénticos en diversas linguas. O comportamento polo que se busca non presionar ao outro, non poñer en perigo o seu prestixio (o do interlocutor) e, ademais, eludir calquera tipo de presión sobre si mesmo e non expoñer o seu propio prestixio é propio das estratexias vinculantes cooperativas (é dicir, non só está presente nas peticións senón tamén no inicio dun contacto amistoso). Estas estratexias parecen ter relación, do mesmo xeito, coas chamadas “fórmulas de réplica”, que se empregan como resposta a un agradecemento ou a unha petición de desculpas. As unidades que se amosan no cadro de abaixo son exemplos deste tipo de unidade:

¹⁹ A fórmula podería evolucionar a partir da expresión: *Fico-lhe obrigado (a) por.....* Poderíase indagar tamén sobre a orixe da fórmula *muchas gracias* e a súa relación con un dos sentidos do vocábulo latino *gratia*: ‘recoñecemento dun favor’.

²⁰ Esta idea maniféstase tamén por medio doutros tipos de enunciados, como *tener una deuda de gratitud*, e non soamente a través de las fórmulas.

²¹ Aquí tan só se fai referencia á vinculación establecida por Eibl-Eibesfeldt (1993) entre as estratexias para o mantemento da harmonía do grupo e a teoría de Brown e Levinson sobre a cortesía verbal. Para coñecer unha aplicación en detalle desta teoría ao estudo das fórmulas rutineiras, consúltese Alvarado Ortega (2010).

²² Eibl-Eibesfeldt baséase nestes autores para apoiar a súa tese da universalidade inherente ao comportamento humano. Para el, o seu estudo sobre a cortesía “atestigua la existencia de una estructura profunda universal subyacente a cualquier solicitud verbal” (Eibl-Eibesfeldt 1993:558), polo que coincide coa investigación etolóxica sobre as estratexias usadas por los seres humanos.

²³ Afirma Eibl-Eibesfeldt (1993:557): “Para el establecimiento de una relación cooperativa se hace saber que se conocen las necesidades del otro, se comprenden sus deseos, se coincide con él, se cultiva una relación de reciprocidad, se otorgan deseos y promesas. Se compromete al interlocutor utilizando el plural ‘nosotros’, en lugar del ‘yo’ y el ‘tú’ y se satisfacen sus deseos mediante donaciones (votos, alabanzas y muestras de simpatía)”.

<i>A mandar</i>	<i>No hay de qué</i>
<i>De nada</i>	<i>No faltaba/faltaría más</i>
<i>Es un placer</i>	<i>No las merece</i>
<i>Ha sido un placer</i>	<i>¡(Y) muchas veces!</i>

Cadro 6: Fórmulas de réplica

Coa expresión *de nada*, por exemplo, minimízase a capacidade do que a di, revélase a súa modestia, á vez que se salvagarda o interlocutor, non o pon en evidencia nin exerce coacción sobre el: “Lo liberamos así de una deuda de agradecimiento que podría darnos cierta ventaja. Naturalmente no lo hacemos del todo, pero sí mitigamos esa deuda”. (Eibl-Eibesfeldt 1993:565).

Considerando o exposto, é posible recoñecer que as fórmulas analizadas arriba contribúen ao mantemento da harmonía social. Neste sentido, representan tamén un tipo de unidade que vén ratificar “la aportación del lenguaje a la armonización de la vida en grupo”, outra das teses xurdidas no ámbito da Etolingüística (Eibl-Eibesfeldt 1993:597).

3.3. As fórmulas rutineiras en relación cos principios de veracidade e predecibilidade

Por último, propónse o exame dun tipo de “fórmula asertiva”, a de aseveración, outro subgrupo de “fórmulas psico-sociais”, en relación cunha serie de principios identificados na configuración das estratexias de interacción: a veracidade e a *predecibilidade*, empregando o termo utilizado por Eibl-Eibesfeldt (1993) No cadro a continuación, figuran exemplos destas unidades:

<i>como el sol que nos alumbra</i> <i>como / lo mismo que te digo una cosa te digo</i> <i>de veras</i> <i>de verdad</i> <i>te lo digo yo // te lo digo</i>	<i>las cosas como son</i> <i>no me dejará mentir</i> <i>que me muera / que me caiga muerto / que me</i> <i>quede muerto</i> <i>(te) lo digo como lo siento</i>
--	--

Cadro 7: Fórmulas asertivas

De acordo con Eibl-Eibesfeldt (1993), a veracidade é unha regra básica do trato humano. Baseándose en estudos interculturais, considera que se trata dun atributo inherente ás relacións humanas: sempre que se recoñezan os lazos de unión e se teña en conta a noción de pertenza (a un grupo, a unha familia), xéranse ámbitos de confianza que se deben manter porque, pola contra, os vínculos rómpense ou atenúanse. Do mesmo xeito, considera que, aínda que a mentira e o engano foron sempre instrumentos fundamentais nas relacións entre as especies, outórgaselle un valor especial á verdade, tanto entre os animais coma entre os homes, xa que esta leva ao entendemento e á colaboración, elementos fundamentais para o desenvolvemento e a conservación de calquera sociedade²⁴.

²⁴ Apoia e reforza o pensamento de Eibl-Eibesfeldt, o concepto de “intencionalidade compartida” presentado por Tomasello (2010:15), que sinala a capacidade de xerar con outros intencións e compromisos conxuntos para as empresas cooperativas. Eses compromisos e intencións acordados estrutúranse en común por

As relacións de colaboración mutua, á súa vez, posibilitan a *predicibilidade* no xeito de actuar, o que vén reforzar o sentimento de confianza. Como explica o autor:

Para cualquier clase de interacción en que se deba asegurar la continuidad de una relación de colaboración rige, además, la regla de comportarse de modo predecible. Esta regla es válida incluso en los conflictos agonales (guerra, duelo), que permiten ciertas tretas en el marco de unas convenciones pero prohíben marrullerías y trampas que las vulneren. En enfrentamientos hostiles puede permitirse temporalmente la simulación de unas intenciones falsas y demás formas de engaño, pero por encima de ello han de existir unas condiciones de predicibilidad de la acción, una base de confianza. Esa es la razón de que antiguamente los pactos se consideraran sagrados (Eibl-Eibesfeldt 1993:564).

A *predicibilidade* mutua das accións, ademais, vén ser un requisito esencial para que se dea a interacción comunicativa. Dende o punto de vista pragmático, xa se indicou a necesidade de que o falante actúe de forma colaborativa, que sexa consecuente e predecible nas interaccións (Eibl-Eibesfeldt 1993).

Tales supostos poderían xustificar, non só a existencia dun gran número de fórmulas asertivas, como as presentadas no cadro anterior, senón que, ademais, explicaría o uso doutras fórmulas, que, en principio, poderían considerarse “fórmulas emocionais”, aínda que non figuren de forma explícita na taxonomía de Corpas Pastor (1996). Trátase de unidades que se empregan para expresar incredulidade ou para ponderar a veracidade dos feitos, como as que se presentan no cadro seguinte:

Fórmulas de expresión da incredulidade	Fórmulas de ponderación do que se di / din
<i>A otro perro con este hueso</i>	<i>A decir verdad / (a) la verdad</i>
<i>Cuéntaselo a tu padre / madre / abuela</i>	<i>Así se escribe la historia</i>
<i>Eso no te lo crees ni tú</i>	<i>Cerca // por ahí le anda / le anda cerca</i>
<i>Sí, pero menos</i>	<i>Cualquiera diría que...</i>
<i>Tararí que te vi</i>	<i>Nada más lejos de la verdad / de la realidad / de mi* pensamiento / de mi* intención / de mí*, etc.</i>
<i>¡Vamos, anda!</i>	<i>que + sust</i>
	<i>Si no me engaño // o mucho me engaño</i>

Cadro 8: Fórmulas emocionais

Co emprego de unidades deste tipo, demóstrase, por unha parte, o compromiso dos falantes en expresar a verdade como unha manifestación clara da máxima de calidade de Grice (1975)²⁵ e, por outra parte, a valoración que se lle concede á súa preservación.

medio de procesos de atención conxunta e coñecemento mutuo, que descansan todos sobre as motivacións cooperativas de axudar a outros e compartir cousas con eles”.

²⁵ Como é sabido, segundo a máxima de calidade, unha das que regula os intercambios comunicativos, de acordo con Grice (1975:45), os falantes intentan que a súa contribución á conversa sexa sempre verdadeira e, para iso, non din cousas que cren ser falsas ou das que non teñen probas suficientes. O emprego das unidades que figuran no cadro 8 indica a implicación dos falantes en asegurar a verdade do que din ou do que escoitan.

A *predicibilidade* relaciónase con outra noción consubstancial, intrínseca ao comportamento humano, a de creación de patróns de comportamento. Como xa se indicou, os etólogos entenden que os rituais están ao servizo da comunicación, e iso aplicaríase tanto ao uso de certas fórmulas, como *muchas gracias* ou *buenas noches*, como ao costume dos disparos de salvas nunha visita de Estado. Por ende, os rituais crean e reforzan os vínculos, ademais de conducir significados implícitos, como pode ser o sentido de pertenza, de obriga mutua ou participación. En definitiva, os seres humanos precisan organizar as súas relacións interpersoais coa axuda de rituais. Trátase dunha necesidade que se manifesta no curso do día e da vida. Por iso:

Los ritos organizan la vida cotidiana, proporcionando así seguridad –no en vano llegamos a tener apego a las costumbres y nos sentimos integrados en la comunidad de quienes actúan de la misma manera y protegidos contra lo imprevisible (Eibl-Eibesfeldt 1993:569).

Tales consideracións etolóxicas aluman un entendemento distinto da noción de ritual no ámbito de estudo das fórmulas, circunscrito á consideración de certos supostos, como a existencia de situacións comunicativas ritualizadas e estandarizadas ou a presenza de temas de conversa ritualizados²⁶. Dende a perspectiva etolóxica, os rituais e os mecanismos de ritualización son substanciais para a especie humana e debe ser considerado nas súas relacións coa linguaxe, a cultura²⁷, etc.

4. Consideracións finais

No estudo do comportamento humano, a Etoloxía Humana achega unha serie de coñecementos, relacionados, principalmente, coas nocións de universalidade, estratexias de interacción e ritualización, que se revelan especialmente interesantes para o estudo das fórmulas rutineiras. Este interese maniféstase, sobre todo, na posibilidade de indagar sobre as bases innatas e as bases culturais que subxacen á forma e ao uso destas unidades dende unha perspectiva máis ampla, pola que se vincula esta parcela lingüística con certos patróns de comportamento. Queda claro que a Etoloxía Humana descobre un interesante camiño que proporciona novas formas de reflexión sobre diferentes aspectos xa considerados no estudo das fórmulas. Iso é así, por exemplo, respecto ás nocións

²⁶ Ferguson (1976) xa abordara lixeiramente esta cuestión, aínda que limitándose ás fórmulas de cortesía (*politeness formulas*), ao indicar a importancia de ter en conta as teorías sobre os rituais á hora de formular unha teoría sobre as fórmulas. Este autor sinalou o carácter innato deste tipo de unidade e evidenciou o seu interese para os estudos lingüísticos, antropolóxicos, sociolóxicos e etnográficos. Así, aseverou Ferguson (1976:137) que: “*All human speech communities have such formulas, although their character and incidence of their use may vary enormously from one society to another. Strangely enough this universal phenomenon has been very little studied by linguists or anthropologists or other students of human behaviour*”. O razamento de Ferguson ten certos puntos de contacto coas ideas que se presentan neste artigo, aínda que cómpre mencionar que non o influenciou de modo directo. Por outra parte, este traballo pode verse como unha maneira de encher o baleiro ao que se refire Ferguson, ao menos no que se refire ao español.

²⁷ Como xa se indicou, hai determinados comportamentos ritualizados que non teñen unha base innata e que son construcións culturais. É de supoñer que os primeiros facilitan o entendemento entre os individuos, mentras que os segundos poden ocasionar, en cambio, algún tipo de conflito.

de ritual e ritualización. Como indicamos, polo xeral, na Fraseoloxía, ditas nocións circuncríbense á consideración de certos supostos (situacións comunicativas e temas de conversa ritualizados e estandarizados). O enfoque etolóxico, en cambio, vén proporcionar unha explicación sobre o valor do ritual para a especie humana. Demóstrase que os rituais son elementos consubstanciais, intrínsecos ao comportamento dos homes, xa que crean e reforzan os vínculos, levan significados implícitos, como pode ser o sentido de pertenza, de obriga mutua ou participación, e, ademais, proporcionan seguridade, ao conferirlle predictibilidade ao comportamento dos seres. Así, se os homes teñen, pois, unha especie de disposición natural á creación de rituais, esta maniféstase no seu comportamento de modo xeral e non é característica tan só da interacción social ou de certas condutas comunicativas. Pode verse, pois, como un mecanismo esencial para os individuos, que se debe considerar nas súas múltiples vinculacións coas linguas e cos aspectos socioculturais, o que explica, en gran medida, o emprego de determinadas fórmulas.

De igual xeito, as achegas da Etoloxía Humana ao estudo do tema da universalidade poden ser, da mesma maneira, relevantes para a investigación fraseolóxica. A cuestión do innatismo, por exemplo, permite examinar a posible conexión de determinadas unidades fraseolóxicas con algúns dos comportamentos considerados innatos pola Etoloxía Humana, que se manifestan nalgunhas das estratexias presentadas. Segundo esta perspectiva, a identificación de universais nas fórmulas rutineiras faríase a partir do recoñecemento das condutas que as avalan, que están por detrás do seu uso, e non se cinguiría tan só a recoñecer e inventariar unidades fraseolóxicas comúns a diferentes sistemas lingüísticos. En última instancia, a adopción dun enfoque etolóxico podería resultar útil para reflexionar sobre dous aspectos moi problemáticos, ao redor dos cales se mantén unha longa polémica: a cuestión da clasificación das fórmulas rutineiras e a súa definición lexicográfica. Trátase, sen dúbida, dunha prometedora perspectiva de investigación.

5. Referencias bibliográficas

- ALVARADO ORTEGA, María Belén (2007): “Las fórmulas rutinarias como unidades fraseolóxicas” en *Estudios de Lingüística* 21; 9-20.
- (2010): *Las fórmulas rutinarias del español: teoría y aplicaciones*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CYRULNIK, Boris (2008): *Del gesto a la palabra. Etología de la comunicación humana*. Barcelona: Gedisa.
- EIBL-EIBESFELDT, Irenäus (1979a): “Functions of Ritual. Ritual and Ritualization from a Biological Perspective” en VON CRANACH, Mario et al. (eds.): *Human ethology: Claims and Limits of a New Discipline*, vol. 1. Cambridge: Cambridge University; 3-93.
- (1979b): “Human Ethology: Concepts and Implications for the Sciences of Man” en *The Behavioral and Brain Sciences* 2; 1-57
- (1993): *Biología del comportamiento humano. Manual de etología humana*. Trad. Francisco Giner Abati e Luid Cencillo. Madrid: Alianza.

- ESCANDELL-VIDAL, Maria Victoria (2009): “Social Cognition and Intercultural Communication” en GUILLÉN-NIETO, Victoria et al. (eds.): *Intercultural Business Communication and Simulation and Gaming Methodology*. Bern: Peter Lang; 65-96.
- FERGUSON, Charles Albert (1976): “The Structure and Use of Politeness Formulas” en *Language in Society* 5, 2; 137-151.
- FOX, Kate (2004): *Watching the English: The Hidden Rules of English Behaviour*. London: Hodder and Stoughton.
- GECK, Sabine (2011): “Guten Appetit! Routineformeln und das Script der Mahlzeit aus interkultureller Perspektive (Deutsch-Spanisch)” en PAMIES, Antonio y DOBROVOL’SKIJ, Dmitrij (eds.): *Linguo-Cultural Competence and Phraseological Motivation*. Baltmannsweiler: Schneider, 341-348.
- GODDARD, Cliff (2009): “‘Like a Crab Teaching its Young to Walk Straight’: Proverbiality, semantics and indexicality in English and Malay” en BASSO, Ellen y SENFT, Gunter (eds.): *Ritual Communication*. Oxford: Berg, 103-126.
- GRICE, Hebert Paul (1975): “Logic and conversation” en COLE, Peter e MORGAN, Jerry (eds.): *Syntax and Semantic. Speech Acts*. Nueva York: Academic Press, 41-58.
- HOUAISS, Antônia (2008): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva (Edición electrónica).
- LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2014): “Fórmulas rutinarias de rechazo en español y sus equivalencias en alemán” en *Zeitschrift für romanische Philologie* vol. 130, 1; 134-159
- MARTÍN AIZPURU, Leyre (2010): “Las fórmulas rutinarias sociales en la clase de español como lengua extranjera (ELE)” en *Lenguas Modernas* 36; 65-84.
- MEDINA REGUERA, Ana (2010): “Las fórmulas rutinarias como tipo de unidad fraseológica en los diccionarios de aprendizaje de español y alemán como lengua extranjera” en RUHSTALLER, Stephan e GORDÓN PERAL, María Dolores (coord.): *Diccionario y aprendizaje del español*. Bern: Peter Lang; 287-320.
- MORRIS, Desmond (1984): *The Naked Ape*. New York: Dell.
- MURA, Ángela e RUIZ GURILLO, Leonor (2010): “De la construcción a la fórmula: estudio contrastivo de un esquema fraseológico en español e italiano” en *Cuadernos de Filología Italiana* 17; 47-64.
- NÚÑEZ BAYO, Zaida (2013): “La distinción locuciones verbales / fórmulas oracionales a partir de su definición lexicográfica” en *Lingüística en la Red* XII; 1-13.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (1997): “Aproximación pragmática a las unidades fraseológicas” en ESCAVY ZAMORA Ricardo et al. (eds.): *Homenaje al Profesor A. Roldán Pérez*, vol. 1. Murcia: Universidad de Murcia; 411-426.
- PIIRAINEN, Elisabeth (2008): “Figurative Phraseology and Culture”, en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds): *Phraseology. An Interdisciplinary Perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins; 207-228.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la lengua española* (<http://www.rae.es>) [4.4.2014].

- RICHARDS, Jack e SUKWIWAT, Mayuri (1983): “Language Transfer and Conversational Competence” en *Applied Linguistics* 1; 113-125.
- SABBAN Anette (2008): “Critical Observations on the Culture-Boundness of Phraseology” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds): *Phraseology. An Interdisciplinary Perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins; 229-241.
- SANTIAGO GUERVÓS, Javier (2005): “Retórica, Pragmática y Lingüística de la comunicación” en *Revista de Investigación Lingüística* VIII; 177-208.
- SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Madrid: Aguilar.
- SZERSZUNOWICZ, Joanna (2012): “Routine Formulae and Culture: on Polish Hospitality Scenario and Phraseology” en ORTIZ, M^a Luisa (org.): *Tendências atuais na pesquisa descritiva e aplicada em Fraseologia e Paremiologia*, vol. 2. Campinas: Pontes Editores; 327-341.
- TOMASELLO, Michael (2007): *Los orígenes culturales de la cognición humana*. Buenos Aires / Madrid: Amorrortu.
- (2010): *¿Por qué cooperamos?*. Madrid: Katz.
- (2013): *Los orígenes de la comunicación humana*. Madrid: Katz.
- VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.
- WILSS, Wolfram (1990): “Verbal Stereotypes” en *Meta: Journal des Traducteurs / Meta: Translators’ Journal* vol. 35, 2; 378-388.
- YOSHINO, Yuki (2008): *La enseñanza de las fórmulas rutinarias en el aula de E/LE*. Memoria de Máster (<https://www.mecd.gob.es/redele/Biblioteca-Virtual/2010/memoriaMaster/2-trimestre/YukiYoshino.html>) [4.4.2014].
- ZULUAGA GÓMEZ, Francisco e ARBOLEDA GRANDA, Diego León (2012): “Las formulas rutinarias en la variedad argótica parlache: una aproximación pragmática” en VILA RUBIO, María Nieves y CASTAÑEDA NARANJO Luz Stela (coord.): *El argot, entre España y Colombia: estudos léxicos y pragmáticos*. Lleida: Edicions de la Universitat de Lleida; 85-98.